

COMENTARIOS DE ALUMNADO DE 4º ESO A: CURSO 2008-2009

É un libro que ao lelo decátaste de por que é un dos máis representativos da literatura galega. Lese rápido pois non é un libro moi extenso, iso si, se tes unha edición antiga pode que teñas algún problemíña co léxico, pero se o les dúas ou tres veces detidamente entendes o texto. O libro é bastante impactante, e creo que conta moi ben como vivían os nenos das aldeas antigamente, a pobreza, vivir do campo, terlle que render contas o señor das terras. É así é a historia, a súa personaxe é Balbino, un rapaz dunha familia pobre de campesiños, que ten que traballar día e noite co gando e na horta. Que pasa frío no inverno, e moita calor na verán, pero que non ten ningunha opción de queixarse, pois ninguén sabe responder as súas preguntas e as súas mágoas. Este rapaz cóntanos través do seu caderno as cousas que lle acontecen e as súas preguntas de porque viven na pobreza. O principio fálanos do desgraciado que é , e é moi rotundo dicíndoo: "Eu sou Balbino, un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén", isto e unha frase que me fai sentir moi apenado polos rapaces desa época, pois vivían moi mal, e todo por culpa dos señores que gobernaban as terras. Cóntanos que unha vez fuxira de casa, pois o fillo do señor, meteuse con el, e claro Balbino non lle podía dicir nada, pois senón meteríase nun bo lío, e levaría unha tunda do seu pai; cousa que tamén me pareceu moi triste, pois por todo o seu pai pegáballe unha malleira, aínda que non a merecese, e despois facían como se nada acontecera, iso demostra, que naquela época había xente que coma Balbino dicía, a trataban coma se fosen ninguén. Iso agora, nos nosos tempos non acontece, pois agora e inimaxinable darlle unha tunda a un rapaz porque vas para a cadea dereitiño

No libro Balbino represéntanos moi ben, como se vivían os loitos nesa época, aínda que agora tamén hai xente que o fai desa maneira. Estar recluídos na casa, sen saír fora, nin festas, ir de negro, e rezar a todas horas. Balbino non comprendía , porque por morrer o seu tío Braulio tivo que quedar tres anos sen ir as festas, e vestindo de negro. Hai que ter en conta que isto aínda segue ocorrendo en moitas aldeas, pois na Cañiza moitas levan de loito anos e anos, polo que non é algo moi raro. Tamén sae no libro o tema da emigración, o seu irmán Miguel marcha para as Américas a buscar traballo, isto estaba a orde do día , ó mellor nunha familia sempre faltaban un ou dous membros que estaban na emigración. Sobre este tema decateime dunha cousa, máis adiante case ao rematar o libro, o pai dálle a Balbino a súa primeira carta, dun amigo que marchara na

emigración tamén; Balbino pedíralle a Miguel fai tempo e despois ó seu amigo que lle escribisen contándolle as historias de como son as Américas, e o seu amigo escribiulle, pero o seu irmán non, creo que como moitas veces pasaba , non puido encontrar traballo, e non lle iría moi ben, polo que podería rematar morto, é un tema que me gustaría opinar coa xente. Balbino tamén fala da morte de Pachín o seu primeiro amigo que era un can, que era seguramente o único dos poucos amigos que tiñan os rapaces daquela. Pero desafortunadamente algunhas persoas do pobo intentando envelenar a un raposo o descubrir buraco onde tiña gardados os corpos da galiñas remataron matando a Pachín. No libro contéplase tamén a pobreza dos nenos daquel tempo, cando nos fala do rebusque, que consisten en ir o lugar da festa cando remate a procura de obxectos perdidos e moedas. Balbino encontra unha caixa que non se atreve a abrir, e como nunca tivera nada, aquela caixa era un tesouro para el; o non querer abrila enterrouna, pero uns días de choiva provocaron unha crecida do río e levouna a corrente, Balbino non podía estar máis triste, para algo que tiña , o perdera por unha riada. Balbino tivo unha época na que ía a escola, era un rapaz moi listo, pero esforzábbase unicamente porque lle gustaba a mestra que tiña, Eladia. Unha vez Eladia tivo a gripe e ata pediulle a Balbino que dese as clases, el ía encantado, pero un día Eladia marchou do pobo co seu mozo, e a Balbino rompéuselle o corazón, e non foi mas escola, a pesar que xa aprendera a ler e escribir e incluso a facer operacións polo que os seus compañeiros metíanse con el, poñíanlle alcumes.

Vemos tamén como se vivían as mortes nas aldeas, fóra do loito familiar, o día que morreu o seu padriño (é dicir o seu avó) todo o pobo acudiu a súa casa a velar o corpo, o día do enterro as campás soaban lentas e a xente viña en procesión, desgraciadamente para el, isto significábase, que ía botar sen ir as festas por un tempo. Despois da morte do seu padriño, relátanos todo o bo, e todas as historias que este lle contara, pois era o único que tiñan daquela para entreterse, as historias que a xente lle podía contar. Balbino sempre quixo ser alguén grande, é un ano contrátano de Sancristán, ten traxe, e paséase polas rúas e respéctano, polo que el se sente grade e orgulloso. Despois de ser Sancristán acércase un día ao cemiterio, e o enterrador , persoa que non era moi querida no pobo, cóntalle en que consistía o traballo, e que daba igual ser que sexas porque o fin de todo, acabamos todos mortos, pero Balbino non quería iso, el

quería ser alguén, para non morrer de todo nunca, e que sempre foxe recordado.

Cando xa era un rapaz, un día o fillo do señor volveuse a meter con Balbino, pero Balbino xa non o aturou máis e mandoulle unha pedrada a cabeza que o deixou seco. Creo que se eu estivese no seu lugar faría o mesmo pero o faríao a primeira. Grazas a deus iso, imaxínome que nos países avanzados xa non pasa, pero creo que nalgúns países, familias sofren a opresión dos ricos e dos donos do "mundo" e téñenlle que aturar moitas cousas. Balbiño despois de darlle a pedrada a Monolito botou a correr e acabou noutra aldea con Célia, que o saber o que acontecera levouno a súa casa. Agora ocorre o que máis me impactou de todo o libro. Ao chegar á casa o pai non lle dirixe palabra a Balbino pero mándalle que vaia con el, foron a casa do Señor, alí o señor como vinganza obriga o pai de Balbino a darlle lategazos, Balbiño como un home mantíñase de pé e o caer levantábase, pero Balbino cánsase e cuspe o Señor a cara, e logo o seu pai, a partires de iso, perde o coñecemento. Non sei como Balbiño, non decaeu psicolóxica mente, o seu pai lategáralle diante do señor por vinganza, paréceme impensable, e iso demostra que naqueles tempos, a lei estaba marcada polo diñeiro, mellor dito, teñer diñeiro significaba ter poder e por tanto ser a lei. Balbino ao espertar non dixo palabra a ninguén e mandárono a casa do señor a servir coma criado, pois senón o señor ía deixarlles sen nada, e terían que pagar as tres mil pesetas da cura de Manolito. Xa ao final Balbino fálanos do seu destino cun tratante de gando, alí visítanlle a súa nai e a súa madriña, e incluso foi seu pai, e isto e algo que tamén me sorprendeu actuaban coma senón houbera acontecido nada, non se trataban amigablemente nin ría claro que non. Pero se eu fose Balbino no quería saber nada do meu pai, por moito pai meu que fose. Ao final Balbino dálle o seu caderno a un estudante que di que el escribira a súas memorias, cousa que Balbino non sabía que eran, e que acabaron formando este libro. E Balbino remata falando do seu querido capitán Smith.

En conclusión, pareceume un libro apaixonante, que relata á perfección a vida dos nenos labregos da época, porque Balbino podía ser calquera rapaz de aquel tempo, levaron un vida dura, sen infancia, chea de traballos inmundos e sen descanso, para ter algo que poder levar a boca. Polo que o libro paréceme que é coma un recordatorio, mellor dito unha

homenaxe a todos eses rapaces galegos que se criaron na aldea nunha condición inimaxinables. (**JACOBO**)

Sen dúbida algunha, este libro foi uns dos que mellor reflexa a vida de calquera neno que vive na aldea, non escatima nos detalles e ademais describe moi ben o espazo no que acontecen os feitos. Tal e como di o título, Balbino o protagonista da historia, cóntanos no seu caderno as súas vivezas, as súas tarefas, os seus desexos... Pero sempre mencionando a palabra pobre, pois ó fin e ó cabo el é un dos máis pobres da aldea e sempre se enche de envexa ao ver a Manolito, fillo do señor das terras nas que traballan Balbino e a súa familia. Un dos temas que trata Balbino ao principio é o da fuxida, moi presente naqueles tempos nos que a xente emigraba para América e facía todo o que estaba nas súas mans Para levar algo de comida á boca. Este sentimento de fuxida vese roto polo seu pai xa que este pensa que cun fillo na emigración xa é suficiente (o irmán de Balbino), malia iso o protagonista descubrirá ao final da obra que fuxir da aldea vai ser a única solución para que os seus pais poidan seguir traballando nas leiras daquel señor e do seu fillo tan ruín.

Balbino tamén nos conta o loito desde o seu punto de vista pois el non cre que por se atopar todo o día na casa mentres os demais xogan vaille salva-la alma ao seu tío Braulio, malia iso non lle queda outra que esperar na casa a que pasen as festas e poder volver á rúa a xogar cos seus amigos. Ademais nun destes capítulos o neno, que era como lle chamaban na casa, atopa unha caixiña de prata no rebusque da feira, naquel momento foi o neno máis feliz da aldea, cousa que me chamou moito a atención xa que naqueles tempos a única diversión que tiñan os rapaces era correr tras dos foguetes haber que collía a vara ao caer do ceo; mentres que agora se queremos sentirnos felices sempre hai que gastar os cartos. Como ía dicindo gardou a caixiña nuns arbustos e ata soñou o que podía conter ouro e diamantes pero as súas ilusións perdéronse ao ver que a caixiña desaparecera a causa das fortes chuvias que caeron aquel día na aldea.

O capítulo que máis e gustou foi "Eladia" non sei porque pero eu xa supoñía o final xa que teño lido algúns libros nos que o protagonista namórase dunha rapaza maior ca el e esta remata índose co seu noivo a outra parte. A verdade é que o máis me chamou a atención foi a actitude de Balbino pois el só ía á escola e estudaba para que a profesora se fixese nel

e así cando esta marchou xurou non volver a escola, estaba convencido de que alí non se aprendía nada útil para a vida real. O personaxe que máis me gustou foi o "Xudío" estou totalmente de acordo coa súa maneira de pensar e creo que se Balbino lle fixese un pouco máis de caso as cousas iríanlle mellor, ademais penso que tivo toda a razón cando falou con Don Alfonso (antigo mestre da escola) no que lle deixou moi claro a función dos mestres na escola e que se fose esquecendo de que "a letra con sangue entra"; foi unha das mellores partes do conto. Tamén me gustou o capítulo no que Balbino se fai amigo de Lelo, tan amigo que este case lle da os seus cartos que tiña aforrados. Pois é ben certo o que dicía o seu defunto padriño "vale máis ter amigos ca ter cartos" non lle faltaba razón incluso hoxe en día pódese aplicar esta frase. Naqueles tempos non era tan doado facer amigos pois os nenos non pasaban tanto tempo xuntos e acostumaban estar traballando a maior parte do día, por iso Balbino ponse tan triste cando descobre que o seu mellor amigo se vai para América, e o único consolo que lle queda e agardar por unha das súas cartas e que non faga coma o seu irmán Miguel que lle prometera escribir cartas e aínda non lle chegou ningunha.

Xa para rematar, mencionar o capítulo da "pedra" no que Balbino atízalle cunha na cabeza de Manolito, merecidamente desde o meu punto de vista. A verdade é que non me cabe na cabeza como o pai zorrégalle coa corda diante do señor sabendo que Balbino ten toda a razón; non entendo como ten tanta frialdade para pegarlle ao seu fillo ata tal punto que o rapaz cae inconsciente no chan. Penso que foi o tramo máis forte da historia.

Por último dicir que se alguén quere saber como vivían os nenos de antes que lea este libro porque sen dúbida o reflexa dunha maneira inmejorable, a única pega que lle atopei foi o léxico, xa que eu lin unha versión antiga e as veces custa entender o que di o texto. Malia iso foi un libro entretido nunha partes máis ca noutras pero sen esquecer o bo argumento da obra. (**JACOBO**)

Este libro non é unha historia coma todos os demais, é diferente. Son un conxunto de relatos, vivencias, acontecementos e recordos que lle ocorren a Balbino, o protagonista, durante a súa infancia e que están reflexadas nunha especie de diario, que remata nas mans de Alberte, o sobriño do Landeiro. A vida deste rapaz é dun labrego pobre e traballador,

pero á súa vez, rebelde e decidido, que moitas veces foxe e escapa do seu fogar pola impotencia e a rabia que sofre na súa familia nalgúns momentos. O fillo do señor, Manolito, que mantén a Balbino e a súa familia é ruín e desprezable, sempre se levou mal con Balbino e un día remata no hospital, despois de recibir unha pedrada por parte do fillo do caseiro o que lle obriga a Balbino a fuxir de novo e desta vez, para sempre e a quedarse a servir na casa do Landeiro, preto da súa irmá Celia. Despois destacar o tema de amor que sufría pola súa mestra Eladia, moi xove, duns vinte anos. Fora coma un amor platónico que sentiu desde o primeiro momento en que chegou a escola, axudada polos pais, despois de substituír a Don Alfonso, o mestre andaluz que rifaba e magoaba aos nenos e ensináballes cousas sen importancia. Balbino convertérase desde o principio no alumno máis avanzado da escola, sempre ía por diante dos demais, por iso, cando Eladia enfermou da gripe, tivo que substituída eses tres días por Balbino. Ao principio custáballe manter a clase en orde, pero despois foi facéndose de valer e foi respectado, e iso provocaba envexa e rabia nos seus compañeiros. Durante eses días Balbino fora visitar a mestra e a coidala á súa casa, e xusto despois de curar, tocoulle a Balbino quedar na cama. Estaba enfurecido, xa que vira a mestra co seu noivo, co que despois marcharía da parroquia e casaría, para non voltar xamais. Outros que se foron para non volver foron Miguel, o seu irmán, que foi a América para buscar traballo e ter unha vida mellor ou o seu mellor amigo Lelo, o que coñeceu despois de salvar a súa vida na presa. Lelo e Balbino ensinábanse cousas un a o outro, eran amigos moi especiais. Balbino ensinoulle a ter pensamentos, razoar, e cousas que aprendera na escola coma ler, escribir, etc. Ademais, a única vez que Balbino recibiu unha carta fora de Lelo desde as Américas. Balbino buscaba un mellor amigo e atopáralo, aínda que despois tivera que despedirse del. O seu defunto padriño, un bo home que sempre estaba sorrindo, contáralle moitas cousas, coma a idea do mellor amigo. Outros momentos que me gustaría destacar foron o rebusque, despois da festa, xa que non puidera asistir polo loito que estaba a facer toda a súa familia pola morte do tío Braulio. Despois de moito buscar e non atopar, xa de camiño a casa, cruzouse cunha caixiña de pau e gardouna no reíso, o único lugar onde ningún a atoparía, coma se fose un pequeno tesouro. Aínda non a abrira, e ao levantarse ó seguinte día, desaparecera derramada coa chuvia que caera durante toda a noite, foi un momento moi triste para Balbino, por unha vez que lle sorrira a sorte!

Outro dos momentos foi a morte do seu querido can Pachín, co que xogaba e se divertía cando estaban os dous sos. Morrera envelenado, cando a un veciño lle roubara un raposo todas as galiñas, na trampa que lle fixeran despois desta catástrofe, no tanto de morrer o raposo, morrera Pachín. Outro momento foron as conversas que mantiña co pobre enterrador Serafín, ao que todos lle tiñan certa carraxe polo seu traballo, excepto Balbino, e recibía motes crueis dos veciños; ou cando Balbino se fai Sacristán. Para el foi un dos momentos mellores da súa vida, aínda que só durara un ano, e lle pagaran vinte pesos, para el fora moi importante. Penso que neste libro, se quere reflexar a vida labrega, no campo, a tristura e a mágoa deses tempos e os sacrificios polos que tiñan que pasar. Dáme moita pena cando Balbino é magoado polo pai diante do señor, paréceme moi vergonzosa esa escena, é moi desagradable. Na miña opinión é un libro de amargura sobre todo, baseada na vida dun neno e o que lle acontece ao seu redor. Gustoume, e lese rapidiño polo tanto, recoméndoo. (**SARA A**)

Este libro pareceume moi interesante. Trata uns temas que nós, na nosa propia vida experimentamos. Como a perda de seres queridos ou, un amor imposible que conleva co paso de tempo a pasalo mal entre outros. O protagonista desta historia chámase Balbino. É un neno da aldea, con recursos moi limitados e que ten que traballar noite e día, morto de cansazo co gando e coas terras. Como reflexa o libro, é unha vida moi diferente á de agora. É outra época na que os nenos tiñan como prioridade traballar e pouco máis, polo que non poden levar unha infancia que todo neno desexa, unha infancia feliz e normal coma calquera outra. Sen embargo, Balbino vai á escola e é un neno moi intelixente polo que a súa mestra está encantada con el. Este, estaba namorado dela, pero cando a mestra se foi co seu mozo, Balbino tras o sentimento de rabia e pena a vez, xurou que endexamais volvería a escola. Outro aspecto que comentar de Balbino é que dende o meu punto de vista séntese infravalorado porque sempre está comentando que é un ninguén. E unha esperanza que ten na súa vida ,é ser alguén, e que sexa admirado ou respectado polos demais. Neste libro trata temas moi variados, como podemos ver entre eles por exemplo, o tema da inmigración, que era un tema bastante normal en aquela época xa que moitísimos galegos emigraran cara América como é o caso do seu irmán Miguel e o seu amigo Lelo que a pesares de iso non perderon o contacto xa

que se escribían. Sen embargo Miguel non lle escribirá nunca unha carta a Balbino. Outro tema salientable é o tema do maltrato, vemos que o pai de Balbino pégalle por nada. Grazas a deus que hoxe en día isto non é algo que se pase por alto senón que se lle dá moitísima importancia. O libro reflexa o avance da sociedade tanto a nivel económico como a nivel psicolóxico. Como podemos ver, a sociedade que nos presenta o libro é unha sociedade cunha clase social moi baixa na que uns poucos son dunha clase social mais elevada ca eles, como é o caso de Manolito que é o fillo no dono das terras que pode permitirse moitas máis cousas que Balbino naturalmente. Balbino non atura a Manolito xa que este sempre está a insultar a Balbino polo que teñen entre si unha serie de conflitos. A familia de Balbino e mais el traballan as terras do pai de Manolito.

Na historia vemos como Balbino reflexa todos os seus sentimentos, pensamentos, vivencias e frustracións no seu diario. Para el é algo co que pode descargar todo o que sinte e poder reflexalo nalgunha parte porque así deixa a súa conciencia tranquila e, é coma se o contase a alguén. É algo sorprendente o que pon no libro que cando morre alguén tiñas que facer anos de loito, cousa que descoñecía eu e que é interesante sabelo. O pobre de Balbino trala morte do seu tío tivo que facer anos de loito polo que unha das condicións que tiña facer isto, era que non podía acudir as festas, que eran as preferidas dos nenos xa que alí podían ser nenos e non os adultos que por obrigaón teñen que ser. É como unha liberación de personalidade e que cada un cumpre o papel que lle toca. O neno sentíase bastante desafortunado na súa vida e que cando pensaba que algo estaba ben, o destino leváballe a contraria. Como cando encontrara a caixiña na festa, xa que antes os nenos cando remataba unha festa ían buscar as pertenzas persoais da xente que se lle caeran ou perderan a ver si atopaban algo. Balbino atopara unha caixiña que para el era como algo grandioso e nunca a quixera abrir polo que enterrouna uns días. Pasados eses días e tras chover moitísimo, como consecuencia se producirá unha crecida dos ríos polo que o río levouna con ela. O pobre de Balbino sentirase moi apenado trala perda da caixiña. Todo o que el quería o perdera. Como o seu can, Pachín que para el, era un amigo mais a parte de Lelo, pero que desafortunadamente morrera.

Outro acontecemento que lle producirá moito dano psicolóxicamente será a morte do seu padriño, que para el era unha persoa a quen lle tiña certa admiración xa que dáballe bos consellos e foi o que mellor se portara

con el sen chegar a agredilo ningunha vez. En definitiva, parece un libro cheo de sentimentos, frustracións e sobre todo tristeza xa que un neno de tan pouca idade ten que actuar coma se fora un adulto, cousa que é moi triste xa que a infancia de cada un, é unha etapa vital e que non se lle pode arrebatarse a ningún neno así porque si. A vida do neno paréceme moi dura e que tivo que aguantar bastante polo que é unha vida moi complexa e chea de sacrificios.

O libro gustoume bastante aínda que os vocabulario sexa algo enrevesado pero está bastante ben. (**CRISTINA**)

Balbino é o protagonista deste libro, un diario máis ben onde garda as súas vivencias, a súa infancia. Reflexións dun neno que tivo que crecer e que non puido desfrutar da súa infancia. Nacido nunha familia pobre, emigrante nunha Galiza avellentada pola marcha dos máis xoves cara América, nunha Galiza escrava dos ricos e limitada pola situación que España vivía en esa época. Resúltame difícil pórme no seu lugar, esta sociedade na que agora vivimos dáche case todo o que queres a algúns, mentres que outros non teñen absolutamente nada. Por sorte nos somos dos primeiros.

Tamén se ve a forza que tiña a relixión nesta época, como Balbino ten que gardar loito pola morte do seu tío, sen poder ir ás festas, ó único momento que tiñan os nenos para divertirse. A súa vida é ruín, sacrificada, solitaria. Sorpréndeste cando por unha simple caixiña atopada despois dunha romaría crese o neno máis afortunado do mundo e como volve a súa pena ó perdela por unha tormenta ó estar escondida preto do río. Amor, amizade... son temas dos que tamén se trata nesta historia. O primeiro amor do noso protagonista é a súa nova profesora, a que intenta sorprender, xa que é un neno moi intelixente, co seu sacrificio. Pero todo acabará coa chegada do noivo da súa mestra que fará a Balbino entrar nunha enfermidade, provocada polo amor. A amizade ben representada por dous amigos seus Lelo e Pachín. Pero outra vez os dous abandónano, Pachín que era o seu can, morre e Lelo marcha cara América aínda que escribirase cartas con el. E por se a vida non lle dera xa demasiadas desgrazas, o protagonista vese metido nunha liorta con Manolito, e ten que marchar da súa casa.

Todo isto reflexa unha vida difícil, que non hai moito lle tocou vivir ós nosos avós por exemplo. É un libro que te fai recapacitar sobre a nosa sorte, a crueldade do mundo e sobre a vida. Aínda que nalgún intre se fai un pouco aburrido resultoume doado de ler, e instrutivo para nós! (**SARA T**)

Este libro presenta as memorias, a vida, os trafegos dun neno labrego chamado Balbino. Un neno coma outro calquera dunha época na que Galiza rural se vía rexeitada polos máis ricos. Unha época na que moitos xoves tiveron que emigrar a América para atopar traballo e poder, se cadra, volver máis rico grazas a eses negocios e ao mesmo tempo conseguir levar a diante a súa familia que permanece en terras galegas (coma o caso do seu irmán). Reflictese con claridade as diferenzas entre ricos e pobres, pois daquela estas marcaban a forma de vida. Os primeiros dedicados ao campo desde que se pon o sol ata que se agocha, nenos apenas escolarizados, dificultades incluso para vivir... mentres que os segundos, os ricos, gozaban de todo privilexio, incluídos os serventes. Diferenzas que se reflexan no caso que lle aconteceu con Manolito.

Outro tema dos que se fala no libro é a importancia que tiña nesa época a morte dun familiar. Meses e meses de loito fixeron que Balbino perdera todas as ocasións que tiña para aproveitar de verdade a súa inocencia, a súa infancia, e poder divertirse coma nunca o facía. Perderse as festas era coma un castigo que el as veces non daba entendido. Mais por desgraza non só tivo que sufrir a morte do seu padriño, senón que tamén, a perda do seu mellor compañeiro, Pachín, e a marcha de Lelo cara as Américas. Coma tamén o seu primeiro amor. Aquela profesora que tanto lle gustaba. Sempre intentando satisfacela mellorando cada día, aprendendo máis e máis. E terminar decepcionado pola súa marcha cun rapaz que nunca imaxinara que existía.

Os dous últimos capítulos chamáronme moito a atención. Pareceume imposible o feito de que o seu propio pai fose quen de atizarlle desa maneira tan cruel sabendo que non o merecía, obedecendo ordes tan inxustas, rompendo todo tipo de unión entre eles... Non sei, paréceme increíble. A verdade é que non comecei o libro con moita ilusión, mais a medida que ía lendo comprendía e metíame máis no papel do rapaz, cousa que me sorprende moito, xa que non é doado comparando a nosa situación coa súa. Axudoume bastante a aclarar algunhas ideas e coñecer as distintas posicións dos distintos personaxes. Recoñezo que aínda que

nalgunhas partes non me resultase moi entretido pareceume un bo libro, unha boa historia, as memorias dun neno labrego. (MAR)

É un libro bastante lixeiro de lectura xa que a súa extensión non é moi longa. Representa dunha gran maneira o modo de vida dos campesiños pobres. Un deles é Balbino, un neno labrego que escribe as súas vivencias e os seus sentimentos nun caderno. El pensa en publicar un libro e ser famoso algún día. Ó principio el desespérase en criticar ós ricos e di que el é un "ninguén". Tiña un pai que mallaba nel e un día escapou ó bosque ata que o seu can e mellor amigo Pachín, viu por el. Isto representa bastante ben os pensamentos e maneiras da época, ademais o neno do señor das terras mofábase del e non podía facer nada ó respecto por que senón meteríase en liortas e o pai, mallaría nel. Pois se o señor enfadábase podería sumilos na pobreza total. Ademais Balbino era un imcomprendido. O seu tío Braulio morrera fai 3 anos, mais na súa casa, todo o mundo seguía de loito, e nas festas do lugar, Balbino non podía saír da súa casa e no Entroido, vía a xente pasar dende a súa ventá, unha xente feliz, e el sentíase triste ó ver unha felicidade que el non tiña. Balbino vía a súa situación sendo un neno e quería ser grande e escapar da súa casa e emigrar a América como xa fixera o seu irmán, pero o seu pai non o deixaba. O seu can Pachín morreu nunha trampa a un raposo que comíalle as galiás a o ferrador. E Balbino enterrouno na horta. Tal era a súa pobreza que no día despois das festas do Carme (día anterior de loito) que o atopar unha caixiña brillante pensou que tería moitos tesouros que o sacarían da pobreza e escondeuna nun matorral. Esa noite soñou con ela pero choveu tanto que a choiva levou a caixa con ela. As desgrazas avanza na súa familia e o padriño morre. Ocorreron varios sucesos e pasará por varios traballos o pequeno Balbino ata un día que se atopaba diante da casa do señor e o fillo, Manolito estaba alí insultándoo pero Balbino tiroulle unha pedra e deulle na cara comezando a sangrar. O señor pensou en botalo a el e a súa familia da aldea pero Balbino escapouse e comezou a servir en casa do Landeiro que o trataba moi ben e regaláballe libros.

Non podemos esquecernos do seu caderno que lle entregará a un estudante que remataría confeccionando este libro. Balbino remata falando de Smith o protagonista dun dos libros que lle prestara o Landeiro. Un libro moi interesante no que hai que ser bastante empático para poder

comprendelo e pórse na situación de Balbino que loitou sempre por ter unha vida en condicións. Un libro que nos lembra a todos os rapaces pobres que vivían nas aldeas de Galicia. (**PEDRO**)

Memorias dun neno labrego é un libro que conta sen ningún tapuxo a vida da aldea na voz de Balbino un rapaz que escribe todas as súas vivencias nun caderno (cousa que non se soía facer) e que son as que nos lemos. Balbino non é coma os demais rapaces, ten preguntas, reflexións, dúbidas sobre todo o que lle rodea pois el non entende a gran diferenza entre el e Manolito, a importancia da Igrexa, por que non o deixan ir á festa... e moitas cousas máis que na sociedade de agora ninguén entendería. É difícil poñerse na súa pel pois ninguén agora viviu algo así, nós dicimos: -vaia vida a de Balbino!. Pero non só era Balbino, así vivían a gran maioría dos nenos labregos deses tempos. O libro reflexa moi ben a sociedade e os costumes daqueles tempos como por exemplo a igrexa. A igrexa era moi importante naqueles tempos, íase á misa todas as semanas como mínimo, rezábase diariamente e cando morría alguén estíbese de loito moito tempo e non se podía facer trasnadas, só rezar. Estar sometido a esa presión da igrexa facía que os nenos xa non cresen e con razón pois xa se convertía en algo tan pesado que se deixaba de lado.

Tamén se ve no libro a diferenza entre os adineirados e os pobres, os pobres traballaban nas terras dos ricos e dábanlle media produción a eles, os nenos traballaban dende moi pequenos cosa que agora está prohibido. Tamén se observa o que se chamaría agora maltrato de parte do pai a Balbino pois por calquera cousa zurraba nel. Balbino era un neno desgraciado que coa mínima cousa, que agora a nós pareceríanos insignificante el alegrábase. Como coa caixiña , unha simple caixa de madeira era o seu tesouro persoal e a gardaba como se fose ouro ata que a perde, outra mala noticia para Balbino. Tamén se emocionaba cando lle deron o traballo na igrexa, iso para el era o máis pero tamén llo quitaron, nada bo do que lle pasaba duraba moito.

Ata as amizades íanse como o seu amigo Lelo que marcha para América e o deixa só, e a mestra o seu primeiro amor que tamén marcha para casarse. O libro, ao final cambia de forma moi rápida, cando Balbino lle dá coa pedra a Manolito a historia cambia, pasa de contar as súas vivencias, cousas pequenas a verse nun lío por darlle a Manolito. Eu entendo a tirada

da pedra de Balbino, nesa pedra ía todo o por qué teño que ser educado contigo e facer o que ti queiras? Por que colles a metade do que a miña familia recolle para comer? Por que eu nunca poderei ser coma ti?... toda a rabia de Balbino ía nesa pedra. Claramente ao final Balbino séntese culpable, e o que non me gustou nada é o comportamento da súa familia. Si, Balbino lle deu unha pedrada pero ao chegar a casa o pai zúrralle diante do señor para que non os bote, coma un pai pode facer algo así mancar ó seu fillo ata facerlle perder a conciencia, para min iso e unha cousa pouco ética.

En total o libro gustoume moito pois fíxome ver a vida dos labregos de antes, quizais de como vivían na xeración do meu avó e coñecer as malas e boas,(principalmente para a miña opinión malas) cousas de antes.
(BLANCA)

Esta gran obra móstranos a vida dos labregos dende o punto de vista dun neno, que a pesares de ser pequeno e ver todo con certa inocencia, percíbese nel una madurez debida á vida que leva, xa que os nenos labregos por desgraza, gozan de pouca infancia, transfórmanse en homes pronto, polo menos a nivel psicolóxico, xa que dende pequenos teñen moitas obrigacións e traballos, quizais máis lixeiros cós dun adulto labrego pero para a súa idade excesivos. Por iso grazas a esta novela, realista e , a pesares de ser narrada por un neno,ura, quedará vixente para as xeracións posteriores o que as familias galegas tiveron que pasar, e non só ás familias senón toda a sociedade galega. Quizais esta situación dentro de algún tempo se erradique e xa se vexa coma algo horríbel e impensábel, pero ata o momento isto, aínda que quizais non nos países de Europa, segue existindo, por desgraza, nos países menos desenrolados. Por iso este libro quizais algún día consiga que os señores non exploten tanto ós traballadores, que non se lle peguen malleiras ós nenos, etc. Mais para iso penso que falta moito tempo.

Nesta novela tamén aparecen sucesos da época, coma a emigración; á que se debe a falta do seu irmán que emigra ás Américas e a falta do seu amigo Lelo, o segundo pareceu ter éxito alí, mais o seu irmán non se sabe xa que enviou unha carta nada máis na que non contaba moito. Algo que me chamou a atención en canto á emigración foi que xa nesa época tiñan un concepto moi claro do que Galiza estaba perdendo debido a isto, polo menos así o tiña o padriño de Balbino, que dixo todo o que

pensaba sobre isto nunha charla co pai do neno. O padriño sabía moi ben que a xente cabía ben en Galiza, mais esta atopábase sen explotar e todos os mozos, xente nova, marchaba deixando a Galiza chea de vellos, mulleres e meniños. Outra das cousas que o padriño tiña en mente eran ideas revolucionarias, algo que me pareceu curioso. O autor caracterizou ó padriño como o home que vía máis alá, con ideais liberais mentres que ó pai describiuno como o home sometido ó seu traballo e explotado polo señor que non ve máis alá que conseguir algo para levar á boca del e da súa familia. A

Algo que tamén reflexa moi ben esta novela é o loito polo que tiña que pasar a familia cando alguén morría. A min este método paréceme tristísimo xa que inda por riba de que che morre un ser querido tes que pasarte anos vestindo de negro e sen ir a festas e romarías, e con iso o único que se consegue é fundirte no recordo desa persoa en vez de saír e pasalo ben, tampouco me refiro a saír ó día seguinte do enterro pero non penso que haxa que esperar anos, ademais penso que se esa persoa queríache ben supoño que preferiría que saíras da casa e que non estiveras encerrada, polo menos eu así o querería. E este foi o caso de Balbino que o pobre estivo 3 anos sen ir ás festas que tanto desexaba e vestindo de negro.

Tamén se reflexa a decadencia dos fidalgos galegos, co caso da tía Engracia, do que Balbino fala co enterrador. Esta era a muller máis rica da aldea, ademais boa persoa xa que dáballe de comer ós pobres, pero un día embargáronlle a casa e quedou sen nada. A estrutura da novela é en capítulos e é continua, eu non dividiríaa en partes, xa que ó ser coma un diario non se ve unha clara separación, unha cousa vai detrás da outra. Semella ser claramente autobiográfica xa que está en primeira persoa e relata todo con moito detalle semellando que o autor coñece a situación do rapaz moi ben. O léxico utilizado ten algunha complicación mais polo menos aprendes palabras novas en galego. Esta novela gustoume, axudoume máis a comprender a situación galega daqueles tempos e a saber por todo o que os noso avós e bisavós pasaron. Galicia non estivo no seu momento de esplendor mais despois do acontecido e co paso do tempo penso que non se volverá a repetir. Unha das cousas que me gusta deste libro é que se a maioría da xente o lera cambiaría a súa forma de pensar en canto á lingua galega e os galegos, xa que dubido que hoxe en día e con toda a literatura galega que fala destes tempos e entre esta este libro continúen a pensar

que os galegos son uns catetos e a súa lingua tamén. Despois de lelo comprendo por que é un dos libros máis lidos da nosa literatura, porque a verdade é que todas as cavilacións de Balbino as súas inquietudes mostran que verdadeiramente é un neno intelixente e sen medios que podería haber chegado lonxe, mais a vida dos labregos é dura e non puido, mais coas súas memorias chega ata o máis fondo das persoas , e se como di na novela entregoullas a un editor, e chegara a ser publicado non sei se llo valorarían neses tempos, pero a verdade é un libro que debería de ser moi apreciado, sobre todo polos galegos. (**IREA**)

O libro trata sobre un rapaz pobre e que escribe nun diario todas as súas aventuras e todo o que lle acontece. Gustaríalle ser moi famoso, pero dálle vergoña que lle collan o diario porque nel escribe todos os seus sentimentos. Este libro reflexa como era antes Galicia, e como algunhas persoas tiñan que emigrar para mellorar a súa situación económica. Este rapaz, que naceu nunha familia pobre e que se podería dicir que non tivo case infancia. El se definía coma un ninguén. neste libro Balbino tamén fala da morte. A morte do seu tío, sen ir a festas e do seu can. O neno chámase Balbino, un neno labrego, aventureiro e pícaro. O seu pai é un home serio que lle pegaba tundas e que discuten moito, e o seu padriño lle dá consellos para chegar lonxe na súa vida. O mellor amigo de Balbino é Lelo, aínda que el ten que emigrar a América, eles seguen en contacto por carta. Os irmáns de Balbino, Miguel e Celia. Miguel emigrou a América e Celia o acolle e lle axuda a encontrar traballo.

O libro non está mal, é triste e bonito, non foi moi difícil de ler xa que era curto, pero se teñas un libro dunha edición antiga se che podía facer máis difícil. As partes que me pareceron tristes foron cando o seu can Pachín morreu, por culpa dunha trampa para un raposo, e morre envelenado, deu moita pena porque Balbino e o can estaban moi unidos e sempre xogaban cando estaban sos. Tampouco me gustou ao final cando o seu pai lle pega e aínda por encima el non as merecía. Iso é tan frío e cruel, que non me gustou nada. Non entendo como un pai pode facer algo así ó seu fillo. Tampouco me gustou moito cando o seu amigo Lelo se tiña que marchar a América, pero pareceume ben que seguiran en contacto, foi moi bonito. Outra cousa que me pareceu triste foi cando a mestra da que estaba namorada, marchou co seu noivo, el estivo apenado e dixo que non volvería

á escola, aínda que era intelixente. Unha das partes que máis me gustaron foi cando se fai amigo de Lelo, e di unha cousa que para min ten moita razón, vale máis ter amigos ca ter cartos, eso llo dicía o seu padriño, que estaba morto. Tamén me gusta cando se mandan cartas.

Nótase que isto ocorreu fai tempo. Custoume meter no papal de Balbino, porque hoxe en día, case todos temos o dobre ou o triplo do que ten el. A nosa sociedade experimentou e creceu moito e xa non hai o que pasaba antes. Agora o do maltrato xa non é así, agora non se pasa por alto e esta moi controlado. En conclusión o libro non está mal, faite que reflexiones, e fai ver todo o que tes agora, non hai comparación. O principio estivo ben pero a medida que avanza o libro engancha máis. (**BÁRBARA**)

Memorias dun neno labrego é un libro que fala da vida da aldea, narrada por un protagonista, chamado Balbino, este é un neno de familia pobre, e que, por diversos motivos non pode disfrutar da súa infancia como os demais.

Penso que a mellor parte é a súa introdución; os primeiros capítulos, os cales te introducen na vida do neno e das inxustizas por parte da súa madriña. A súa vida é moi difícil. Aínda que a vida ás veces é moi inxusta, este neno, Balbino, narra como lle acontecen as peores inxustizas, como por exemplo, vaise Eladia, unha mestra da cal el estaba namorado; perde unha caixa amarela atopada no rebusco, a cal el consideraba como un tesouro que desexaba, cada día máis poder abrila e descubrir o que tiña dentro; morre o seu padriño, e moitas desilusións máis. Quizais por isto considero esta parte a máis desilusionante do libro. En conclusión penso que é un bo libro aínda que me parece un pouco desilusionante e está cheo de desgrazas. Tamén cabe destacar o léxico. Éste é moi difícil e ás veces introduce palabras intelixibles. O argumento é, como destaquei antes, un pouco desilusionante, pero tamén hai que admitir que a vida é así e o pobre Balbino tocoulle afrontalo todo e, como neno que é veas doutra maneira. Ao final, dentro do que cabe é bastante bo, e o neno queda moi ledto, o que me alegra moito. (**ELENA**)

Basicamente o libro é, na súa totalidade, unha autobiografía dun rapaz de aldea coma calquera outro, de nome Balbino, coas vivencias típicas que lle poderían acontecer a un neno da súa época. A maioría das experiencias que relata son negativas, de cousas que lle ocorreron e lle

fixeron pasalo mal, sen relación palpable entre elas, pero moi relevantes na súa vida e no seu desenrolo como persoa. Un dos temas nos que o libro fai máis fincapé é a morte. Aparece representada con diversos casos: o tío Braulio, o avó, o seu can Pachín... a proximidade dos falecementos respecto de Balbino fan que, desde a súa mentalidade de neno que desexa aprender e comprender máis cousas do que o rodea, comece a plantexarse diversas cuestións sobre a morte, así como a pedirlle a súa opinión a outros personaxes do libro, como Serafín, o enterrador.

Ademais disto, aparecen outros temas referentes ó rapaz, como son a amizade, a emigración, o seu amor platónico cunha moza maior ca el, o tesouro que enterrou na beira do río e foi levado pola corrente, o aburrimento, a rebeldía contra as prohibicións dos seus pais, etc., pero sen dúbida destaca o da inconformidade coa situación de pobreza da súa familia e del mesmo e do estado de obediencia máxima ó señor do pobo, así como cos abusos do fillo deste, Manolito. Desde sempre proíanlle por dentro a rabia e maila impotencia que sentía de non poder facerlle nada a aquel rapaz que o insultaba e non o deixaba tranquilo, con castigo do seu pai se se lle ocorrese facerlle algunha traxada ó fillo do señor. Tratando de arranxar o problema mediante a violencia, acaba sendo, en certa forma, exiliado do seu pobo e indo vivir a outro lugar (ó que a súa familia irá a visitalo de canso en vez), e o libro remata despois de recibir, tal como lle prometera, unha carta do seu amigo Lelo, que emigrara a América coa súa familia. Isto dálle un novo sentido á existencia de Balbino e devólvelle a alegría perdida tras cada unha das desgrazas que lle sucederan, co que comezará unha nova vida.

Debo dicir que o libro non me gustou especialmente, porque non é o primeiro libro que leo desde estilo e son, por así dicilo, moi "clónicos", moi típicos, les un e parece que xa tes lido todos. Aínda así, gústame a actitude de protagonista por non conformarse co que ten diante e mirar máis alá, buscando algo mellor co que estar plenamente satisfeito consigo mesmo. Agrádame, ademais, o seu intento de pensar e falar sobre asuntos con bastante trasfondo, aínda desde a súa perspectiva máis ben infantil.

Quizais o meu personaxe favorito fose "o Herexe", polas súas ideas sobre a relixión e a maneira de actuar da xente da época, seguindo sempre un mesmo patrón imposto por outros sen deterse a pensar sobre se ten sentido ou non o que están a facer. Non sabería dicir cal foi o meu capítulo ou parte preferida porque en realidade ningún me chamou demasiado a atención. Creo que a maneira de empregar a mestura do que sucede cos pensamentos do neno e os diferentes recursos literarios non está ben levada e impide que o lector (polo menos no meu caso) se adentre na historia. Supoño que podería destacar o episodio do can Pachín porque algo

de "afecto" si se lle colle ó animal segundo se van lendo cousas sobre el, e a súa morte foi bastante mala, tanto para o can como para Balbino ó decatarse. Tamén é salientable, por todo o que leva consigo ese simple acto, o momento en que o rapaz, nun arrebatado de valor ou, se cadra, ira, lanza unha pedra á cara de Manolito e foxe da aldea, para despois volver arrepentido e enfrontarse ó señor de aldea e ó seu pai, que volve a castigalo para conseguilo perdón do pai de Manolito. O final do libro tamén me deixou algo indiferente, diría que lle falta impacto, aínda que, tendo en conta que son as memorias dun neno coma calquera outro, non é de estrañar que o remate sexa pouco anómalo ou sorprendente.

En xeral non é unha lectura que me teña absorbido moito, pero é breve, bastante amena e fácil de ler, polo que lla recomendaría a quen teña curiosidade por un libro con esta temática realista. (**GONZALO**)

Este libro podía chamarse tranquilamente: " A historia de Balbino" ou "O caderno de Balbino", pois nel, reflíctese parte da súa vida, ou sexa, desde a súa infancia ata a súa xuventude. Tamén nos indica como fondo, a vida que levaban moitos nenos que vivían no rural, é dicir, levantarse moi cedo para levar ao gando a pastar, axudar aos pais en todas as labores que eles lle pedisen, e por desgraza, pouca asistencia á escola. Como en todas estas historias dos pobos pequenos, sempre ten que haber un personaxe malvado. Neste caso, o señor das terras e o seu fillo, Manolito. O 1º por ser o cacique do pobo e o 2º por ser un rapaz consentido e maleducado, aínda que ao final levouse o seu merecido, a pesares de non ser dunha forma moi civilizada.

Chama a atención a mentalidade que había naquela época acerca dos defuntos, posto que se gardaba loito quizais demasiado tempo. Tamén reflicte a miseria que existía neses tempos e que obrigaba á xente, mediante a emigración, a buscar unha saída. Por último é tamén de destacar os malos tratos que recibía por parte do seu pai e que me recorda a un refrán que ás veces lle escoito aos meus pais rememorando o que lle dicían os seus, e que máis ou menos, era así: "A letra con sangue entra". Quédanos a dúbida de que sería do noso protagonista a partires dos seus 18 anos. Eu espero que a súa sorte na vida cambiase por completo. (**SARA TR**)
